



INSTRUCCIÓN DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021.

Pola Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, publicada polo Ministerio de Educación y Formación Profesional estableceuse o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021 debida a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Polas competencias atribuídas en materia de educación á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, publicouse a Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020.

A Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

Por todo isto, é preciso ditar as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso 2020-2021 e, na súa virtude, esta dirección xeral, dispón:

1 Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

2 Programacións didácticas

1. As programacións didácticas incorporarán as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
2. As programacións didácticas (PD) elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial.
3. Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaboraran



plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.

4. Para a elaboración das PD e seguindo as directrices establecidas na CCP, consideraranse os seguintes criterios:

4.1. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

4.2. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

4.3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.

4.4. Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.

4.5. Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

5. Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

6. Os plans de reforzo e recuperación formarán parte das programacións didácticas, así como da PXA.

7. En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua.

8. Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial alcanzado polo alumnado sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial.

3. Desenvolvemento da modalidade presencial

1. Coa finalidade de contribuír á mellora da organización académica derivada do COVID-19 e potenciar as competencias dixitais do alumnado e do profesorado, poderase deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática.

2. Con carácter experimental, durante o curso 2020/2021, os centros poderán determinar que existan no horario das respectivas ensinanzas, franxas horarias que permitan que o alumnado sen asistir o centro educativo, poida realizar a formación de forma telemática, cos seguintes límites:

- *Ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza*: ata un máximo do 20% dos tempos lectivos de cada curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos tempos lectivos cos que conte a materia. A estes efectos non se terán en conta os tempos lectivos correspondentes ás materias de música de conxunto.
- *Ensinanzas superiores de música*: ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e



simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina. A estes efectos non se terán en conta os créditos ECTS das prácticas curriculares, nin os das materias de música de conxunto no caso das ensinanzas superiores de música.

- *Ensinanzas superiores de arte dramática*: ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina.
- *Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño*: ata un máximo dun 20% das horas lectivas de centro educativo de cada curso (en segundo non se terán en conta a Formación en estudos ou talleres), e simultaneamente ata un máximo do 50% da duración do módulo.
- *Ensinanzas superiores de deseño, e de conservación e restauración de bens culturais*: ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina. A estes efectos non se terán en conta os créditos ECTS das prácticas curriculares.
- *Ensinanzas deportivas*: ata un máximo dun 20% das horas lectivas de centro educativo de cada curso (non se terán en conta as do Bloque de formación práctica), e simultaneamente ata un máximo do 50% da duración do módulo.

3.No horario no que o alumnado estea a realizar formación telemática, o profesorado que teña asignada a docencia dos módulos, deberá permanecer no centro educativo para realizar a formación, o seu seguimento e a atención do alumnado.

4.Os centros aseguraranse de que as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permita acollerse a esta opción formativa.

5.De ser o caso, as programacións didácticas determinarán que aspectos do currículo poden ser obxecto desta metodoloxía.

6.Os límites máximos de formación por medios telemáticos poderanse ampliar tendo en conta os posibles escenarios establecidos no punto oito da Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19. Neste sentido, a ampliación do número de horas de formación por medios telemáticos poderanse aplicar, xa sexa para un certo número de alumnos/as que deban permanecer illados, en corentena, ou para un ou varios grupos completos.

7.As aulas virtuais facilitadas a todos os centros pola Consellería de Educación, Universidade e FP, serán a vía principal utilizada para a realización da docencia.

4 Aspectos específicos das ensinanzas nos conservatorios

Debido ás características dos conservatorios, ademais de atender ao establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o





curso 2020-2021 e ás presentes Instrucións, estes centros educativos deberán adaptar a docencia nas seguintes materias e disciplinas:

a) Materias de música de conxunto: entre os instrumentistas de vento e cantantes deberá manterse unha distancia mínima de 2 metros. No caso dos demais instrumentistas deberá manterse unha distancia mínima de 1,5 metros. Nas disciplinas ou actividades que impliquen intervención de orquestra, banda de música, ou agrupacións similares, deberá igualmente manterse unha distancia mínima de 2 metros entre os instrumentistas de vento e de 1,5 metros entre os demais executantes. Ademais, o alumnado e profesorado que non canta ou toca un instrumento de vento empregará máscaras de protección. Deberá producirse unha ventilación da aula frecuente e regular cada curtos períodos de tempo.

b) Se as condicións arquitectónicas e organizativas dun conservatorio de música non permiten o desenvolvemento das clases das materias de música de conxunto segundo o indicado na alínea anterior, o centro educativo establecerá quendas para que o alumnado poida asistir presencialmente ás disciplinas correspondentes cumprindo a distancia mínima de seguridade indicada para as mesmas. Neste caso, cada centro educativo estipulará o modo no que se completará cada materia ou disciplina de xeito non presencial para o alumnado que, segundo as quendas, non asista ao centro educativo en determinadas sesións.

c) Nas materias ou disciplinas de canto e instrumentos de vento, o alumnado e o profesorado deberá empregar máscaras de protección mentres non estea cantando ou tocando, e deberá manterse unha distancia de 2 metros. Así mesmo, os centros educativos poderán colocar biombos de separación nas aulas. No caso de colocalos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.

d) Nas materias ou disciplinas de instrumentos de teclado: antes de comezar, cada alumno/a e profesor/a deberá realizar un lavado de mans durante 40 segundos como mínimo. Ademais, as teclas deberán ser desinfectadas antes e despois da execución de cada alumno/a e profesor/a. O alumnado e o profesorado empregará máscaras de protección.

e) Nas materias ou disciplinas dos instrumentos non incluídos nas alíneas c) e d) deberá manterse unha distancia de 1,5 metros. No caso de utilización conxunta de instrumentos deberá procederse de xeito análogo ás materias ou ás disciplinas de instrumentos de teclado. Así mesmo, os centros educativos poderán colocar biombos de separación nas aulas. No caso de colocalos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.

f) Nos casos de acompañamento pianístico deberá existir a suficiente distancia de seguridade entre o/a pianista e o/a outro/a instrumentista ou cantante: como mínimo 2 metros no caso de instrumentistas de vento e cantantes, e como mínimo 1,5 metros no caso dos demais instrumentistas. O alumnado e o profesorado deberá empregar máscaras de protección mentres non estea cantando, ou tocando no caso dos instrumentos de vento.

Adicionalmente, poderanse colocar biombos de metacrilato para minimizar o risco de infección por partículas de saliva durante o acompañamento a cantantes. No caso de colocalos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.



- g) A limpeza de instrumentos de vento en ningún caso se levará a cabo na aula. Depositárase a auga producida pola condensación nestes instrumentos en recipientes para eliminar os refugallos.
- h) Se resulta imprescindible empregar instrumentos de préstamo, o instrumento deberá ser desinfectado e non será empregado durante as 72 horas anteriores ao seu último uso.
- i) Nas ensinanzas elementais e profesionais de danza atenderase ao establecido para as ensinanzas de música ao respecto do acompañamento pianístico ou de calquera outro instrumento musical.

5 Ensinanzas de idiomas

Calendario de inicio de curso

1. Segundo se establece no punto 3 do artigo 5 da Orde do 25 de xuño de 2020, nas ensinanzas de réxime especial, as actividades lectivas realizaranse entre os días 16 de setembro de 2020 e 30 de xuño de 2021, de acordo cos calendarios de probas de acceso e de probas de certificación establecidos para cada unha delas.

2. Nos cursos ordinarios anuais, presenciais e semipresenciais, e nos cursos intensivos do primeiro cuadrimestre a actividade lectiva iniciárase unha vez rematado o proceso de avaliación do alumnado do curso 2019-2020, de acordo cos calendarios de probas e matrícula establecidos na circular 3/2020, tendo en conta as necesidades organizativas de cada centro, e coa autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente. Para os cursos da modalidade de inglés a distancia terase en conta, ademais, o período de matrícula establecido para estes na correspondente circular anual.

3. A duración e o calendario dos cursos preparatorios para os certificados Celga e para os cursos de linguaxe administrativa galega serán os establecidos na correspondente resolución anual pola que se convocan estes cursos.

4. Os cursos para a formación do profesorado e os cursos para colectivos profesionais e público en xeral terán a duración e as características establecidas para estes cursos nos apartados a) e c) do punto 14.2 da Circular 3/2020. Excepcionalmente, poderase adiar o inicio da actividade lectiva dos cursos programados para o primeiro cuadrimestre, de acordo coas necesidades educativas de cada escola, e contando coa autorización expresa do Servizo de Inspección Educativa correspondente.

Elaboración das programacións didácticas

Na elaboración das programacións didácticas contempláranse as posibles adaptacións da actividade lectiva presencial á modalidade telemática, así como as adaptacións temporais derivadas do adiamento do inicio da actividade lectiva en determinados cursos.

Adaptacións á modalidade telemática

1. Nas programacións dos cursos ordinarios, dos cursos para a formación do profesorado e dos cursos para colectivos xerais e público en xeral recolléranse as posibles adaptacións á docencia telemática, que poderá facerse mediante as ferramentas postas a disposición do profesorado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou empregando os mecanismos que cada departamento considere máis axeitados ás necesidades e ás circunstancias do seu alumnado.



2.As titorías presenciais para os cursos de inglés a distancia na modalidade That's English e as sesións presenciais establecidas para os cursos da modalidade semipresencial poderán substituírse ou complementarse con sesións telemáticas.

3.A adaptación á modalidade telemática dos cursos preparatorios para a obtención dos certificados Celga farase de acordo coas instrucións que estableza, de ser o caso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Adaptacións temporais

De ser necesario adiar o inicio da actividade lectiva dalgún dos cursos de formación do profesorado, cursos para colectivos profesionais e público en xeral que se impartan no primeiro cuadrimestre, as horas de docencia destes cursos poderán complementarse con docencia telemática e actividades individuais do alumnado ata completar as horas totais de formación establecidas para cada un destes cursos.

Avaliación

-Proba parcial de progreso e proba de promoción

As direccións dos centros, de acordo cos departamentos correspondentes, habilitarán as medidas que consideren oportunas para a realización telemática da totalidade ou dalgunha parte da proba parcial de progreso e da proba de promoción para os cursos intensivos impartidos no primeiro cuadrimestre e para os cursos de nivel integrado.

-Cursos LAG

A proba final dos cursos de linguaxe administrativa galega realizarase de xeito presencial, sempre que as circunstancias sanitarias o permitan. En caso contrario, esta proba realizarase de xeito telemático, coas adaptacións e as características que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Cursos para colectivos profesionais e público en xeral

A avaliación destes cursos farase de acordo cos criterios de avaliación establecidos na súa programación, de acordo co disposto no apartado c) do punto 14.2 da Circular 3/2020. Estas probas poderanse realizar de xeito telemático.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

